

Bloque 2. Tema 24.

O franquismo: as formas de oposición ao réxime

Tras a Guerra Civil e a chegada do xeneral Francisco Franco ao poder, foron moitos os que se mostraron contrarios ao réxime, e dalgunha maneira ou outra, fixéronse ver durante esta longa etapa que foi o franquismo.

Inmediatamente despois de finalizar a Guerra Civil coa vitoria do bando nacional, sublevado ou franquista, as forzas opostas ao novo réxime iniciaron as súas accións para acabar con el, tanto desde o exterior como desde o interior de España:

- Os **exiliados** eran aquelas persoas obrigadas a abandonar o país como consecuencia da súa derrota na Guerra Civil, co fin de escapar da represión que contra eles desencadeaba o novo réxime.

Unha parte deses exilados marcharon a Francia, onde serán concentrados en **campos de refuxiados no sur do país**. No país galo viviron nunhas condicións lamentables ou tiveron problemas coas autoridades locais cando, tras a ocupación do país por parte de Alemaña nazi, buscaron a republicanos significativos (Lluís Companys, Zugazagoitia, Joan Peiró...) para entregalos ao réxime de Franco. Un sector deses exilados pasou a formar parte da Resistencia francesa contra a ocupación nazi, combatindo así na Segunda Guerra Mundial.

Unha parte moi importante da intelectualidade española marchou para México e outros países latinoamericanos. Outro punto de destino foi a URSS, xa que durante a guerra marcharon alí os denominados uns 3.000 **“nenos da guerra”**, así como membros do Partido Comunista.

Dende o exterior, **figuras políticas e intelectuais (entre os que destacaba Salvador de Madariaga) tentaron manter viva a Segunda República sen moito éxito**, sobre todo, porque o contexto internacional da Guerra Fría acabou por favorecer a Franco. A finais dos anos 40, para maquillar a imaxe do réxime cara fóra, a intensidade da represión diminuíu e mesmo saíron da cárcere presos políticos.

- No interior do país atopamos os **“maquis”**, guerrilleiros pertencentes a grupos ou partidos antifranquistas (principalmente pertencentes ao Partido Comunista) trasladados ao monte para continuar a loita e derrocar o sistema. Desde as montañas levaron a cabo unha **guerra**

de guerrillas esperando que o final da Segunda Guerra Mundial e a derrota dos fascismos tamén implicara o final para o réxime franquista.

En Galicia a actividade maqui foi moi importante na zona da dorsal galega, no interior, onde destacou a figura de **Foucellas**. No que se refire ao resto de España, os maquis foron espacilamente activos en Asturias, León, a zona do Sistema Ibérico e Andalucía. Tamén chegou a producirse un **intento de penetración das forzas opositoras polo val de Arán, en 1944, que fracasa estrepitosamente.**

A resistencia dos maquis dura ata os inicios dos anos 50. A súa fin nesa década debeuse tanto á acción da Guardia Civil como á chegada de novas consiganas por parte do Partido Comunista, que optou por abandonar a loita armada e concentrarse na oposición política. Dende mediados dos anos 50, Santiago Carrillo consideraba que o obxectivo primordial pasaba pola busca da reconciliación nacional, o que co tempo causaría escisións no PCE.

A relativamente boa situación da España de Franco no contexto internacional debido á súa postura anticomunista non fixo que a oposición cesara no seu intento de derrubar o réxime. Nesa loita hai que situar a postura tomada por figuras políticas españolas de diferentes ideoloxías que, dende o exilio, fixeron unha **petición no Congreso do Movemento Europeo, en 1962, para que as autoridades europeas fixeran todo o posible para impedir que España entrara a formar parte da CEE mentres continuara o réxime de Franco.** Este feito foi denominado pola prensa do réxime como o chamado **Contubernio de Munich**, entendendo que era un acto de falta de patriotismo prexudicar a España na súa intención de integrarse en Europa. Salvador de Madariaga, presidente da Internacional Liberal, organizou a asistencia a este evento da oposición ao réxime franquista que estaba dentro de España.

Xa nos anos 60, ao tempo que se liberalizaba e melloraba a situación económica, intensificábase aínda máis a oposición, que reclamaba un réxime democrático e criticaba a falta de lexitimidade do réxime franquista.

Van destacar ámbitos como as **universidades**, sobre todo **a partir de 1956**, onde as protestas baseábanse principalmente en conseguir un sindicato de estudantes que substituíse ao oficial (SEU). Estas reclamacións foron contestadas polo Goberno cunha negativa, chegando incluso á supresión das clases. Esas **protestas universitarias** de 1956, nas que destacaron estudantes como Ramón Tamames, acabaron por provocar a destitución do ministro de Educación, Joaquín Ruíz Jiménez. As protestas universitarias seguen producíndose ao longo da década dos 60,

e a finais desta década, tal e como estaba sucedendo en Francia e outros países europeos, os movementos de esquerdas acadan especial protagonismo (no caso español, centráronse na protesta contra a represión e na petición de democracia). **O réxime endureceu a resposta** ás protestas coa detención e morte dalgúns estudantes do PCE ou da FLP. Especialmente importante será tamén a **creación, en 1963, do Tribunal de Orde Pública (TOP)**, que substituíu aos tribunais militares na labor da represión política contra a oposición.

Outra peza moi importante na oposición ao réxime foi o **movemento obreiro**, que promovía folgas para obter dereitos como a redución da xornada laboral, mellora de salarios... Destacará o nacemento, aínda na clandestinidade, das **Comisións Obreiras** en 1962. Os seus líderes pretendían chegar aos obreiros con facilidade grazas á estrutura do sindicato vertical franquista, infiltrándose nesta organización para conseguir melloras para a clase obreira, así como para ir concienciando politicamente aos traballadores.

Aínda así, os conflitos non tardaron en producirse en lugares como Asturias ou Cataluña, o que foi seguido dunha **dura represión contra os líderes sindicais**, como Marcelino Camacho. Aínda así, os sindicatos conseguiron que **aumentara considerablemente a conflitividade obreira e o número de folgas**, o que á súa vez favoreceu que a afiliación aumentase.

No caso concreto de Galicia, cabe destacar os **sucesos de Ferrol en marzo de 1970**, onde morreron dous traballadores a causa dos disparos da policía. Os actos de protesta por estas mortes tiveron moita repercusión no territorio galego, especialmente na factoría de Citroën de Vigo.

Malia a importancia que o Catolicismo tiña para o réxime, tamén a **Igrexa** amosou a súa oposición ao franquismo tras os cambios acontecidos no interior do clero tras a celebración do Concilio Vaticano II. Un documento de 1960, asinado por 339 sacerdotes (aínda que desautorizado pola xerarquía eclesiástica) denunciaba os malos tratos e a falta de liberdades. Así, pouco a pouco, a Igrexa ía tomando distancia co réxime, **xurdindo a Xuventude Obreira Católica e a Irmandade Obreira de Acción Católica como grupos católicos de base opostos ao réxime**.

Xa no comezo dos **anos 70 toda a oposición política foi en aumento**, nunha loita contra o réxime na que destacarían a labor do PCE e, en menor medida, do PSOE.

En 1959 fundouse ETA, unha organización radicalizada dentro do nacionalismo vasco, que en 1968 comeza as súas actividades terroristas **asasinando a un garda civil nun control de tráfico**

e a **Melitón Manzadas, Xefe da Brigada Social de San Sebastián**. A resposta do Goberno franquista foi a publicación da **Lei de represión de bandidaxe e terrorismo**, que pasaba á xurisdición militar os delitos de tipo político.

Nos anos 70 aparecerán tamén **bandas armadas de perfil comunista maoísta, como o FRAP e o GRAPO**, que cundiscuros anticapitalista e antiimperialista buscaban desestabilizar a ditadura e crear unha república a través dun movemento insurreccional.